

Curtametraxes



In a heartbeat

Título orixinal: In a hearthbeat

Directores: Beth David, Esteban Bravo

Ano: 2017

Duración: 4:05 min.

Xénero: Romance. Comedia. Drama | Comedia romántica. Adolescencia. Homosexualidade. Amistade.

Sinopse: Con críticas moi positivas, trátase do primeiro curto gai dirixido a nenos e nenas. O seu obxectivo é educar na diversidade sexual ao público máis novo a través da historia de amor entre Sherwin e Jonathan, dous mozos que se namoran no patio do colexio.

Link: <https://www.youtube.com/watch?v=2REkk9SCRn0>



Purl

Título orixinal: Purl

Directora: Kristen Lester

Ano: 2019

Duración: 8:43 min.

Xénero: Igualdade. Estereotipos. Prexuízos

Sinopse: A factoría dos sonhos sorprendeu a todos coa historia de Purl, onde un animado novelo de la terá que lidar cos problemas de enfrontarse a un mundo dominado por homes e prexuízos.

Link: <https://www.youtube.com/watch?v=B6uulHpFkuo>



Out

Título orixinal: Out

Escrito e dirixido por: Steven Clay Hunter

Ano: 2020

Duración: 9 min.

Xénero: Adolescencia. Homosexualidade. Amistade.

Sinopse: O curto preséntanos a historia de Greg, un mozo que se atopa en plena mudanza cara ao seu novo fogar xunto ao seu noivo Manuel. Entón aparecen un gato e un can máxicos que envían unha dose da súa maxia ao collar do can de Greg, e é que algo moi importante vai ocorrer.

Link:

Non dispoñible polo momento



Que é a diversidade sexual?

Título orixinal: ¿Qué es la diversidad sexual?

Autor: Gorka Pérez


Voz en off: Salva Vallejo

Duración: 7:20 min.

Temática: Educación afectivo sexual

Sinopse: Unha explicación moi didáctica acerca da diversidade de orientación sexual, identidade de xénero e sexual.

Link: <https://www.youtube.com/watch?v=1QbTZYiQ6BA&t=324s>



O amor non ten etiquetas

Título orixinal e da canción: El amor no tiene etiquetas de “Same Love”

Intérprete: Mary Lambert


Duración: 3:18 min.

Temática: Diversidade, respecto

Sinopse: Nun mundo onde somos diferentes é importante visibilizar esta variedade de razas, orientacións sexuais, diversidades funcionáis entre outros para dar a entender a riqueza na que vivimos sumerxidas as persoas.

Link: <https://www.youtube.com/watch?v=1pQSdQturKQ>

Longametraxes



Billy Elliot

Título orixinal: Billy Elliot

Director: Stephen Daldry

Ano: 2000

Duración: 111 min.

Xénero: Drama. Comedia | Ballet. Años 80. Homosexualidade. Baile

Sinopse: En 1984, durante unha folga de mineiros no condado de Durham, succédense os enfrontamentos entre piquetes e policía. Entre os mineiros máis exaltados están Tony e o seu pai. Este empeñouse en que Billy, o seu fillo pequeno, reciba clases de boxeo, pero, aínda que o mozo ten un bo xogo de pernas, carece por completo de pegada. Un día, no ximnasio, Billy observa a clase de ballet da señora Wilkinson, unha muller de carácter severo que o anima a participar. A partir dese momento, Billy dedicárase apaixonadamente á danza.



Brave

Título orixinal: Brave

Directores: Brenda Chapman, Mark Andrews

Ano: 2012

Duración: 90 min.

Xénero: Roles e estereotipos de xénero

Sinopse: Merida, a indómita filla do Rei Fergus e da Raíña Elinor, é unha hábil porteira que decide romper cun antigo costume, que é sacro para os señores da terra: o xigantesco Lord MacGuffin, o malhumorado Lord Macintosh e o rosmón Lord Dingwall. As accións de Merida desencadean o caos e a furia no reino. Ademais, pide axuda a unha sabia anciá que lle concede un desexo moi desafortunado. A rapariga terá que afrontar grandes perigos antes de aprender que é a auténtica valentía.



She-ra e as princesas do poder

Título orixinal: She-ra and the princesses of power (TV Series)

Creador do programa: Noelle Stevenson

Ano: 2018

Duración: 23 min.

Xénero: Roles e estereotipos, personaxe secundario lésbico.

Sinopse: Unha moza orfa que atopa unha espada mágica que a converte nunha guerreira mítica, lendaria princesa do poder. Ela únese a un grupo de princesas mágicas para loitar contra os monstros invasores de Hordak. She-ra vive todas estas aventuras para liberar á súa terra (Eternia) do malvado Hordak.

Serie de TV (2018-2020). 5 tempadas. 52 episodios. She-Ra, Princesa do Poder, lidera unha rebelión para liberar ao seu pobo de Etheria de monstros invasores de Horde.